

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 37 (2014-2015), páxs. 483-486
ISSN: 1130-2682

COOPERATIVA Y CONCURSO. ESTUDIO DE LAS
RELACIONES JURÍDICAS CON SUS SOCIOS

VILLAFÁÑEZ PÉREZ, ITZIAR

MARCIAL PONS, 2014, 374 PÁXINAS

PABLO FERNÁNDEZ CARBALLO-CALERO¹

¹ Profesor Titular de Derecho Mercantil. Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: pcarballocalero@uvigo.es

O libro obxecto desta recensión ten a súa orixe na Tese de Doutoramento que Itziar Villafáñez Pérez defendeu no mes de xullo de 2013 na Facultade de Dereito da Universidade do País Vasco en Donostia, baixo a dirección do profesor Alberto Emparanza Sobejano, Catedrático de Dereito Mercantil da citada Universidade.

Xa de inicio cabe subliñar a valentía da autora —e do seu director— a hora de elixir o tema, dado que as sociedades cooperativas parecen constituír un corpo alleo a lexislación concursal. De feito, basta botar unha ollada a literatura científica para comprobar que son escasísimas as ocasións nas que a doutrina abordou ata o momento as complexas relacións entre o Dereito Concursal e o Dereito Cooperativo.

Este exercicio de valentía, polo demais, non quedou simplemente niso. A realidade dos feitos e caprichosa, e a solicitude de concurso da cooperativa Fagor —integrada no grupo Mondragón— no mes de novembro de 2013, situou contra todo pronóstico o traballo obxecto de recensión nun plano de máxima actualidade.

É obvio, neste senso, que faltaba na nosa doutrina unha monografía que abordase dende unha perspectiva xurídica o impacto da normativa concursal no contexto das sociedades cooperativas. As peculiaridades deste tipo de sociedades convertía esta tarefa nunha labor difícil pero, a su vez, apaixonante.

A monografía da profesora VILLAFÁÑEZ analiza con éxito os efectos do concurso de acredores nas diversas relacións xurídicas existentes entre a cooperativa e os seus socios. Deste xeito, a obra perfila o réxime xurídico do concurso das sociedades cooperativas e contribúe a lograr un maior grado de seguridade xurídica para as cooperativas, os seus socios e os terceiros que contratan con elas.

A obra estrutúrase en tres grandes bloques. O primeiro deles, baixo o título “Concurso da cooperativa e relación mutualista cos socios” adéntrase, como sinala o profesor Emparanza no seu prólogo, nun dos temas máis controvertidos da configuración xurídica das cooperativas. Neste bloque examínase o alcance da relación mutualística entre o socio cooperativista e a sociedade cooperativa, o cal resulta imprescindible para determinar posteriormente os efectos que o concurso de acredores pode propiciar nesa relación.

Unha vez concluído que a mutualidade sitúase na causa do contrato de sociedade da cooperativa —e que a relación mutualista é o centro da cooperativa, da súa regulación e da súa actividade—, no segundo bloque analízase a estrutura económico-financieira das cooperativas, en particular dende o punto de vista da relación cos seus socios e da influencia do concurso sobre a mesma. Se ben e certo que o capital social non constitúe o eixo principal das relacións sociais na cooperativa, non é menos certo que estas sociedades —como sucede coas sociedades de

capital- necesitan recursos financeiros estables para poder desenrolar a súa labor. Pois ben, co obxecto de examinar a estrutura económico-financieira das cooperativas, a autora analiza o réxime económico establecido na lexislación cooperativa e o seu tratamento en sede concursal.

Por último, no terceiro bloque examínase o tema clave da responsabilidade dos socios no caso de concurso da sociedade cooperativa. A lexislación cooperativa, por regra xeral, reconece a limitación da responsabilidade dos socios as súas achegas o capital. Non obstante, tamén regula expresamente o réxime de imputación de perdas da cooperativa, contemplando a posibilidade de imputar as mesmas os seus socios. A marxe de clarificar esta aparente contradición, a autora analiza un instrumento alternativo de imputación de responsabilidade ao socio: a posibilidade de exercer as accións de reintegración contra os actos prexudiciais para a masa activa.

Xa para finalizar este completo percorrido sobre a posible responsabilidade do socio cooperativo, a autora estuda o réxime de responsabilidade dos socios cando ostentan a condición de membros do órgano de administración da cooperativa. Posto que neste tipo de sociedades a condición de administrador recae frecuentemente nos propios socios, a cuestión resulta de indudable relevancia.

Unha vez apuntada a estrutura da obra, compre sinalar que os distintos temas citados analízanse criticamente con apoio nun aparato xurisprudencial, lexislativo e doutrinal excelente. En efecto, chama poderosamente a atención a coidada selección de sentencias, referencias lexislativas e traballos científicos que impregnan o texto.

Por todo o sinalado, quixera subliñar que a monografía “Cooperativa y concurso. Estudio de las relaciones jurídicas con sus socios” constitúe un texto imprescindible e único no ámbito do dereito cooperativo. Trátase dunha obra que aporta información e, sobre todo, solucións os problemas que plantexan as complexas relacións entre a lexislación concursal e as sociedades cooperativas. A súa publicación nunha editorial como Marcial Pons, o prestixio do seu director de tese de doutoramento e, sobre todo, o traballo da súa autora, a converterán nun referente para todo aquel que se adentre na relación entre o Dereito Cooperativo e o Dereito Concursal.